



Na Boutureira hai tres rutas de sendeirismo nas que xa se fixeron varias andámas e numerosos mouíns tradicionais que salpican a paisaxe desta contorna

PIONEROS San Cibrao das Viñas rompe o lume e consegue que Medio Ambiente acolla o parque baixo esta figura de protección natural

A BOUTUREIRA, O PRIMEIRO ESPAZO DE INTERESE LOCAL

DEFINIRÁN AS ACTIVIDADES PERMISIBLES E AS LIMITACIÓNS NUN PLAN ESPECÍFICO

Xiana Iglesias - Santiago

Galicia conta co seu primeiro espazo natural de interese local (ENIL), o parque da Boutureira, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas. Esta figura de protección pódese lle outorgar ós espazos integrados nun termo municipal que destacan pola singularidade dos seus valores naturais.

En concreto, a Boutureira, próxima á poboación de Soutopenedo, ten fauna e, sobre todo, flora autóctona, con elementos de bosque atlántico e mediterráneo, ademais de dous regatos e varios mouíns.

Así o explicou o concelleiro de Persoal e Servizos de San Cibrao, Pedro Fernández Moeiras, quen estivo implicado de xeito especial na busca dunha fórmula de protección para a Boutureira, co obxectivo de salvagardala do "urbanismo brutal e a especulación" que se está a acometer nas terras de Ourense. Pero, en concreto, había unhas singularida-



Imaxe dun dos dous regatos que pasan polo parque

Os concellos deben ter a iniciativa

N' ningún outro concello pediu ata o de agora que se lle dese o recoñecemento de ENIL a espazos baixo a súa responsabilidade. O director xeral de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza, cualificou a declaración da Boutureira como

un bo exemplo de como os concellos poden participar na protección do seu contorno mediante a solicitude de recoñecemento, como este, posto que son as entidades locais as que deben demandar a súa creación.

des especiais que querían protexer: dúas rutas de sendeirismo que se esforzaron nesta zona.

Con este afán, o concello defendeu a declaración da Boutureira como espazo natural de interese local, aínda que, segundo recoñece Pedro Fernández, crían que ía ser moi difícil pola súa proximidade a un polígono industrial e coa cidade de Ourense.

A riqueza natural do parque e o seu bo estado de conservación, remataron por inclinar a balanza e, o 15 de xaneiro, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible incluíu as súas 184 hectáreas na Rede de Espazos Naturais de Galicia; unha medida que segundo Fernández axudará a que os "veciños da zona gocen deste espazo que precisaban".

Agora, o concello deberá elaborar un plan de conservación para a zona, un requisito para o que ten un prazo máximo de dous anos. O concelleiro de Persoal e Servizos adelantou que un inxeñeiro xa está a traballar para establecer o réxime de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais. Ademais terán que definir as actividades permisibles, así como as limitacións que se considere necesarias para a conservación do espazo. ●

FINANCIAMENTO

"Entre os dous faremos boas cousas"

É posible que reciban axudas da Xunta para preservación

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible podera axudar o concello de San Cibrao das Viñas na conservación e protección da Boutureira a través das axudas que destina para a preservación da Rede de Espazos Naturais de Galicia.

O responsable de Persoal e Servizos deste concello ourensán, Pedro Fernández Moeiras, asegura que a idea de protexer a Boutureira como espazo de especial interese local foi moi ben acollido pola Consellería de Medio Ambiente. "Dende o primeiro momento tivemos moi boa relación e entendemento coa consellería a pesar de que temos diferente cor", asegurou.

Agora que xa conseguiron que a Xunta recoñeza a singularidade deste parque, confían en que os fondos dos que dispón Medio Ambiente cheguen a San Cibrao das Viñas en forma de axudas para manter a Boutureira segundo os principios que especificarán no futuro plan de conservación.

"Así, entre os dous (consellería e concello), estou case seguro de que se poderán facer cousas moi boas na zona e, polo tanto, tamén para os veciños. ●